

Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.). *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX*. 2016. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. 470 pp.

Dende o ano 2004 os docentes e investigadores que conforman a Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI) reúnen anualmente para debater sobre as debilidades e fortalezas destas literaturas. Froito desas reunións de expertos sae do prelo unha monografía de indispensable consulta para os mediadores, fundamentalmente mestres e mestras e profesores e profesoras, entre o libro e a lectura dos máis novos.

A títulos como *Premios literarios e de ilustración* (2013), *Inmigración/Emigración na LIX* (2014) e *Retorno aos clásicos. Obras imprescindibles da literatura infantil e xuvenil* (2015), por nomear algúns dos máis recentes que LIJMI publicou co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e de Edicións Xerais de Galicia, no ano 2016 sumouse *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX*, unha obra que, como se anticipa no título, acolle un conxunto de ensaios centrados en como, dende diferentes perspectivas, se reflectiron nas literaturas infantís e xuvenís as guerras mundiais.

Ao xeito de monografías anteriores, *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX* ábrese cun estudo introdutorio que se achega á temática en cuestión. Nesta ocasión, o profesor e investigador portugués José António Gomes é o responsable de “Primeira e Segunda Guerra Mundiais em narrativas para crianças e jovens: uma reflexão sobre os modos de representação literária”, un estudo no que son obxecto de análise as diferentes maneiras nas que a Primeira e Segunda guerras mundiais foron representadas nos libros para a infancia e a xuventude.

Neste traballo, feito coa rigorosidade que caracteriza o autor e que amosa unha vez máis o seu coñecemento da materia, así como o bo facer á hora de transmitirlo, o profesor Gomes detense moi especialmente en textos pertencentes ao xénero narrativo, aínda que non só, pois tamén se contemplan álbums narrativos, novelas gráficas e banda deseñada, ademais de textos de natureza autobiográfica. Trátase do achegamento a un conxunto de títulos, na súa maioría pertencentes ao contexto europeo, que non pretende ser exhaustivo, como o propio autor recoñece, mais que é representativo pois “a Primeira e Segunda Guerras Mundiais constitúen referencias e temáticas fortes, e de frecuencia assinalábel, na escrita literaria europea para a infancia e juventude” (p. 17).

O centro de atención deste ensaio son arredor de cincuenta títulos, procedentes de catorce espazos lingüística e culturalmente diferentes, e algunha antoloxía, que exemplifican diarios escritos por xudeus (e non só), antes de seren vítimas de campos de concentración e de exterminio (caso dos diarios de Ana Frank ou de Rutka); diarios ficcionalizados, coma os escritos, por citar algún exemplo, pola canadiana Carol Matas ou a británica Marcia Willians; obras testemuñais e autobiográficas, coma as de Menezes Ferreira, Ilse Losa ou Judith Kerr; obras narrativas de aventuras que se achegaron á temática ou mesmo outras obras cuxos autores e autoras recorreron a figuras históricas ou acontecementos que se volveron icónicos, tales como o suposto partido de fútbol xogado nas trincheiras durante a Gran Guerra entre soldados ingleses e alemáns en tempo de Nadal ou o apoio do pobo danés aos xudeus perseguidos durante a Segunda Guerra Mundial.

O investigador portugués non deixa á marxe a análise dos puntos de vista empregados na focalización da historia nese corpus textual ou a presenza de heroes infantís nalgún dos textos que conforman este. Trátase dunha aproximación á temática das guerras na que Gomes tamén se detén nas diferenzas entre os *war books* redactados por creadores contemporáneos dos feitos históricos aos que se achegan e por aqueles outros que non foron coevos e testemuñas dos conflitos, se ben os conservan vivos na súa memoria.

Despois deste esclarecedor estudo, que finaliza cunha reflexión sobre o poder da imaxe nas obras analizadas, *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX* acolle un conxunto de sete traballos panorámicos nos que os responsábeis dos ámbitos castelán, catalán, galego, portugués, vasco, brasileiro e mexicano dan

conta de como estes conflitos se reflectiron nas respectivas literaturas infantís e xuvenís e axudan o lectorado da obra a coñecer mellor os sistemas literarios que representan os membros da Rede LIJMI.

Pola proximidade ao receptor galego quizais sexa de maior interese o estudo “Conflitos bélicos na LIX galega. As dúas guerras mundiais: crónica da ausencia e da participación”, de Marta Neira Rodríguez, no que a profesora da Universidade de Santiago de Compostela comenta brevemente as obras que abordaron a Primeira e Segunda guerras mundiais máis directamente, e atende tamén aquelas obras traducidas ao galego que trataron a temática. Con todo, non de menos proveito son as achegas relacionadas cos outros ámbitos. Deste xeito, en “Mantener viva la memoria en tiempos de paz: las guerras mundiales en la novela juvenil” o profesor Jesús Díaz Armas (Universidad de La Laguna) destaca unha serie de obras centradas fundamentalmente na Segunda Guerra Mundial nas que, ao seu ver, se aprecia certa intencionalidade didáctica e nas que sobresaen a novela xuvenil de detectives e a ficción histórica como subxéneros máis frecuentados na literatura en castelán.

Joana Cladera, da Universitat de les Illes Balears, en “Les guerres mundials a la literatura juvenil catalana”, fala da baixa produción centrada na temática das dúas guerras mundiais no sistema literario infantil e xuvenil en catalán e analiza comparativamente os elementos paratextuais, as tipoloxías narrativas, o tempo e o espazo nos que transcorren as accións, os personaxes e a ideoloxía que divulgan as escasas obras existentes sobre a Segunda Guerra Mundial.

As investigadoras portuguesas Ana Margarida Ramos e Sara Reis, da Universidade de Aveiro e da Universidade do Minho respectivamente, en “Primeira e Segunda Guerra Mundial na LIJ portuguesa” identifican e realizan o comentario das obras que trataron os dous conflitos tendo en conta a forma en que estes foron recreados, mentres que os investigadores vascos Xavier Etxaniz e Manu Lopez, da Euskal Herriko Unibersitatea, en “As guerras mundiais na LIX vasca: preponderancia da tradución”, fan fincapé na literatura gañada e nas traducións ao éuscaro que rexistran a memoria daquelas guerras e transmiten unha mensaxe destinada á súa non repetición.

En canto aos ámbitos iberoamericanos, a análise do brasileiro é responsabilidade de Thiago Alves, profesor da UENP, mentres que Laura Guerrero e Áurea Esquivel, da Universidad Iberoamericana Ciudad de México, son as

encargadas da análise da literatura infantil e xuvenil deste último país. Nos seus respectivos estudos, “Contra o esquecemento: ficción e memoria na LIJ brasileira” e “Las dos guerras mundiales y las luchas internas en México, resonancia en la creación infantil y juvenil”, estes especialistas dan conta, respectivamente, do que acontece na literatura brasileira e na mexicana en relación con estes dous conflitos, practicamente ausentes no caso da literatura mexicana.

Coa pretensión de axudar o mediador ou mediadora no seu labor de educar literaria e artisticamente, *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX* compléméntase cun apartado denominado “Comentarios cara á formación lectora” no que se acollen vinte e catro achegas de especialistas tanto de centros de investigación e universidades galegas, caso da Universidade de Santiago de Compostela (Eulalia Agrelo Costas, María José Caamaño Rojo, Sandra Fernández Queiruga, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Rocío García Pedreira e Juan José Varela Tembra), da Universidade de Vigo (Alicia Gil, Lourdes Lorenzo, Isabel Mociño González e Veljka Ruzicka Kenfel) e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Verónica Pousada Pardo), como doutros centros de investigación e universidades españolas e foráneas, tales como o CEPLI e a Universidad de Castilla la Mancha (Cristina Cañamares Torrijos, Aránzazu Sanz Tejada e César Sánchez Ortiz), a Universidad Autónoma de Madrid (Nieves Martín Rogero), a Universidade de Aveiro (Ana Margarida Ramos), a Universidade do Minho (Sara Reis da Silva e Carina Rodrigues), a Universidade de Coimbra (João Manuel Ribeiro), a Universidade dos Açores (M^a Madalena Marcos Carlos Teixeira da Silva); a Escola Superior de Educación do Porto (Ana Cristina Vasconcelos de Macedo); a Universidad Iberoamericana Ciudad de México (Áurea Xaydé Esquivel Flores) e a Universidad de La Laguna (Darío Hernández).

Coa lectura destes comentarios, o docente ou persoa interesada no tema pode achegarse ás análises de álbums e libros ilustrados con diferentes técnicas, relatos de recoñecidos autores e autoras, narracións de gran repercusión comercial e mesmo novelas gráficas nas que os diferentes investigadores e investigadoras ofrecen, en moitas ocasións, pistas de como traballar as obras comentadas nas aulas e fan fincapé na importancia de outorgarlles nestas un espazo. Deste xeito, son obxecto de análise, seguindo como criterio de organización a data da primeira edición da obra na lingua orixinal: *Sadako wil leben* (1961), de Karl Brukner; *Sadako and the Thousand Paper Cranes* (1977),

de Eleanor Coerr e Ronald Himler; *Hiroshima no pika* (1980), de Toshi Maruki; *Otto. Autobiography of a teddy bear* (1999), de Tomi Ungerer; *Rose Blanche* (1985), de Christophe Gallaz e Roberto Innocenti; *Opas Engel* (2001), de Jutta Bauer; *Sauve-toi, Elie!* (2003), de Élisabeth Brami e Bernard Jeunet; *Erika's Story* (2003), de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti; relatos de recoñecidos autores e autoras, como *Her achterhuis by Anne Frank* (1947), de Anne Frank; *Boris* (1966), de Jaap ter Haar; *When Hitler Stole Pink Rabbit* (1971), de Judith Kerr; *Un sac de billes* (1973), de Joseph Joffo; *Maikafer flieg!* (1973), de Christine Nöstlinger; *The Journey Back* (1976), de Johanna Reiss; *War Horse* (1982), de Michael Morpurgo; *Going Solo* (1986), de Roald Dahl; *Krücke* (1986), de Peter Härtling; *Numbers the Stars* (1989), de Lois Lowry, ou *Isb min ha-tsad ha-aher* (1989), de Uri Orlev; narracións de gran repercusión comercial, como *The boy in the striped pyjamas* (2006) e *Stay where you are and then leave* (2013), de John Boyne, ou *The Book Thief* (2005), de Markus Zusak; e mesmo novelas gráficas, como *Maus. A Survivor's Tale* (1986), de Art Spiegelman, e *Corto Maltese. Una ballata del mare salato* (1995), de Hugo Pratt.

Péchase o volume con “A imaxe nos conflitos bélicos”, da autoría de Carmen Franco e Guillermo Calviño, un traballo de necesaria lectura para aquelas persoas interesadas na arte e na imaxe. Nel, estes dous docentes da Universidade de Santiago de Compostela detéñense no labor dos fotógrafos nas contendas bélicas para, a seguir, comentar como as ilustracións dos libros dirixidos aos máis novos representaron o horror das guerras nunha selección de títulos, a maioría deles galegos.

Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX é, en definitiva, unha obra de consulta imprescindible para aqueles e aquelas que teñan que realizar recomendacións lectoras, seleccións temáticas ou labores de formación literaria, xa sexan docentes, bibliotecarios ou bibliotecarias ou animadores e animadoras culturais. Con todo, igual que os volumes publicados con anterioridade pola Rede LIJMI, e mesmo do recentemente publicado *Representacións do mundo árabe na LIX* (2017), o que nos ocupa é tamén unha monografía de fácil acceso a familias e a todo o público interesado en xeral na Literatura Infantil e Xuvenil.

Marta Negro Romero
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela